

XI CONCURSO DE VIÑETAS NOVAS MASCULINIDADES



Deputación
DA CORUÑA



IGUALDADE
DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

XI CONCURSO DE VIÑETAS 2020: “NOVAS MASCULINIDADES”

1. OBXECTO

O obxecto do certame é empregar a viñeta, ou tira de viñetas (como máximo 6) para reflexionar, concienciar, visibilizar e mudar mentalidades da cidadanía en xeral e da poboación adolescente en particular, sobre novas masculinidades así como as claves para avanzar ata unha masculinidade alternativa máis igualitaria.

Durante séculos construíuse unha idea da masculinidade hexemónica que fai referencia a ese concepto de como debe ser un home, caracterizado por ser persoas que todo o poden, competitivos, fortes, violentos, independentes, heterosexuais, protectores, provedores, con excesivo control emocional, adicados ao espazo público e ao mundo produtivo como sinal de éxito e posición social e afastado dos espazos de coidado, limpeza e atención a outras persoas.

A visión desta masculinidade tradicional non se axusta á realidade, lévanos a identidades insáns e frea o desenvolvemento da igualdade real.

O traballo para a igualdade efectiva entre homes e mulleres e o fin das violencias machistas non pode poñer o foco só nas mulleres, precísase do compromiso e responsabilidade dos homes. Para conseguilo é clave que se muden as relacións de poder entre homes e mulleres, os privilexios, o sexismo, a homofobia e polo tanto é imprescindible concienciarnos sobre masculinidades non hexemónicas, que propoñen replantearse a idea da masculinidade e desaprender os roles de xénero adquiridos, para construír relacións democráticas, igualitarias, equitativas, respectuosas nas diferenzas, prateiras e en harmonía.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas físicas, con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou en grupo.

Cada participante/s só poderá presentar unha única obra orixinal e inédita, escrita en galego e non premiada con anterioridade.

Non poderán participar as persoas que fosen premiadas con anterioridade neste concurso.

3. TEMÁTICA

Os traballos presentados versarán principalmente sobre:

- **Novos modelos de masculinidade** que reflicten alternativas á identidade masculina estereotipada, que lles permita cuestionar os mandatos sociais e as consecuencias de como ser home no seo dunha sociedade patriarcal e machista para visibilizar novas formas de ser e sentir libres, con relacións horizontais, consensuadas, sen dominación sobre as mulleres, cunha distribución equitativa dos espazos de poder e cun reparto equilibrado das responsabilidades domésticas e familiares.

- **Como rachar estereotipos asociados tradicionalmente aos patróns de masculinidade** asociados á forza física, protección, violencia, dominación, etc, así como desterrar mitos sobre o xeito de ser home. Poderase incidir sobre a visión do home como vítima do machismo, entendido como a visión daqueles homes que se ven socialmente obrigados a encaixar nun modelo de masculinidade desigualitario, non elixido libremente e co que non están de acordo.

- **A importancia de xerar novos patróns de masculinidade ante a violencia de xénero** e na loita contra todas as formas de discriminación cara ás mulleres e cara a outros homes.

- **Os beneficios para mulleres e homes dos novos modelos de masculinidades** como exemplos de novas posicións igualitarias na sociedade na contorna laboral, social, familiar, etc.

Os textos empregados deberán respectar os principios da lexislación vixente en políticas de igualdade de xénero e de prevención da violencia de xénero.

4. FORMATO

A viñeta poderá presentarse en formato, como mínimo DIN A5 e como máximo en DIN A4.

A historia poderá estar composta por unha viñeta ou por un máximo de seis viñetas cun fío condutor.

Poderá empregarse a técnica libre.

A execución do traballo poderá ser manual ou dixital.

A obra presentarse en soporte físico de papel.

A obra non poderá ir asinada co nome.

O idioma empregado será o galego.

5. PREMIO

Poderase participar en dúas categorías:

CATEGORÍA A (idades comprendidas entre os 12 e 14 anos)

Outorgarase primeiro, segundo e terceiro premio.

Primeiro premio: consistirá nun iPad e unha colección de cómics

Segundo e terceiro premio: consistirá nunha TABLET e unha colección de cómics

CATEGORÍA B (idades comprendidas entre os 15 e 18 anos)

Outorgarase primeiro, segundo e terceiro premio.

Primeiro premio: consistirá nun iPad e unha colección de cómics

Segundo e terceiro premio: consistirá nunha TABLET e unha colección de cómics

As persoas premiadas poderán recibir na entrega de premios un recordo da súa participación no concurso.

A Deputación reserva o dereito a facer uso das obras, o que implica a cesión dos dereitos de autora ou autor para que a institución poida empregalas en calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

6. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Prazo: o prazo de admisión de obras ábrese o día seguinte á publicación das presentes bases no BOP e péchase aos 30 días naturais.

Forma de presentación: os traballos entregaranse nun sobre pechado (1); no exterior do sobre indicárase XI Concurso de Viñetas “**NOVAS MASCULINIDADES**”, a categoría na que se presenta (categoría A para persoas de entre 12 e 14 anos e categoría B para persoas entre 15 e 18 anos) e un pseudónimo como identificador do traballo.

Dentro deste sobre irán o traballo e un sobre pechado (2) co pseudónimo no exterior. No seu interior a folla de aceptación dos compromisos e autorización de datos de carácter persoal (anexo 1) cos datos requiridos.

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña (avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña) ou consonte co establecido no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, polo que se indicará no exterior do sobre: XI Concurso de Viñetas “**NOVAS MASCULINIDADES**”, Deputación da Coruña.

7. COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO XURADO

O xurado estará presidido pola deputada delegada de Políticas de Igualdade e formarán parte del, ademais desta, persoal do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e dúas persoas de recoñecido prestixio no eido do deseño gráfico, nomeados por ela.

Actuará como secretario o da Corporación ou persoa funcionaria en quen delegue, que será a encargada de abrir o sobre das obras que resulten finalistas.

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia de dous terzos dos seus membros. As súas deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. O réxime xurídico e de funcionamento do xurado será o disposto nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións en calquera momento, incluso pode chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que concurra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

Así mesmo, o xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que é o órgano competente para resolver o premio.

8. ENTREGA DOS PREMIOS

A concesión do premio darase a coñecer a través dos distintos medios de comunicación.

A entrega de premios celebrarase baixo as directrices da Deputación e avisarase ás persoas gañadoras cunha semana de antelación.

9. NORMAS SUPLETORIAS

Non se devolverán os traballos presentados e non premiados. A partir do día seguinte á concesión do premio polo xurado, os traballos non premiados poderán ser destruídos.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

FICHA DE INSCRICIÓN NO XI CONCURSO DE VIÑETAS 2020

CATEGORÍA

A (12-14 anos) ☐ B (15-18 anos) ☐

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE

Nome e apelidos: _____

Data de nacemento: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Concello: _____

Código postal: _____ Teléfono: _____

NIF: _____

Pseudónimo empregado: _____

Outros datos:

() Achégase fotocopia do DNI

() A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases.

Lugar e data _____ (sinatura da persoa participante)

Don/Dona _____ con DNI _____ como pai/nai ou titor/a de _____

1.- Autorizo a participación do meu/miña fillo/a no XI Concurso de viñetas "Novas Masculinidades".

2.- Autorizo á Deputación da Coruña para que empregue os datos de carácter persoal e imaxes así como o traballo para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

3.- Logo de ler a información en materia de protección de datos que figura a continuación na ficha, consinto expresamente o tratamento dos datos persoais que constan nel.

Lugar e data _____, _____ de _____ de 2020.

Asinado(pai, nai, titor/a legal)

Os datos subministrados nesta ficha teñen a finalidade de poder desenvolver o XI Concurso de viñetas "Novas masculinidades", no que vostede participa e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que a persoa asinante lle outorga á Deputación provincial coa súa sinatura. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non se poderá ter acceso ao concurso por imposibilidade de tramitar a solicitude.

O destinatario dos datos é a Deputación provincial que non cederá datos a terceiros, agás obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización do X Concurso de viñetas "Sen fronteiras" muller e Migrante.

Ten vostede os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade deles en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación, na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 a Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Pode consultar a **política de privacidade** da Deputación no enderezo: [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).